


CLEO

Cleo é unha rapaza de oito anos. Todos os días érguese moi cedo para almorzar flocos de millo nunha cunca de leite quente, aínda que leva para o descanso un flan e un plátano. Usa blusas de cor vermella porque no seu cole levan uniforme.



De camiño á escola, pasa por varios bloques de casas e por diante dun xardín cheo de plantas e flores. Ás veces, recolle algúns gladíolos para o floreiro da súa aula. Pero a Cleo o que máis lle gusta é a plataneira enorme que hai nun recuncho.

Cando chega a súa clase, Cleo sempre acende os fluorescentes, é a encargada. Encántalle facer moito esta tarefa! Tamén, na clase de Música ten que tocar o clarinete cando os seus compañeiros cantan unha canción. Agora están ensaiando unha panxoliña. Sáelles moi ben. Queres escoitalos?

1. Marca cunha X a resposta correcta:

-Que leva Cleo para o descanso no colexio?

- ☐ Flan e un plátano.
- ☐ Laranxa e un plátano.
- ☐ Un plátano.

-De que cor son as blusas que leva para o colexio?

- ☐ Amarelas.
- ☐ Vermellas.
- ☐ Azuis.

-Que recolle nun xardín que pasa de camiño ao colexio?

- ☐ Margaridas.
- ☐ Gladiolos.
- ☐ Rosas.

-Que ensaian na clase de Música?

- ☐ Unha panxoliña e unha canción.
- ☐ Unha canción.
- ☐ Unha panxoliña.

2. Marca cunha X as parellas de palabras que sexan iguais:

- ☐ clase - clase
- ☐ pinto - plinto
- ☐ tecla - tela
- ☐ plano - piano
- ☐ planta - planta
- ☐ pluma - puma
- ☐ clave - crave
- ☐ flotador - flotador
- ☐ globo - globo
- ☐ fleco - flexo

3. As palabras da primeira columna están repetidas na segunda pero teñen as letras ao revés. Úneas:

bloque	orierolf
plátano	alponam
globo	esalc
floreiro	euqolb
clase	onatálp
manopla	obolg

4. Une as palabras co seu significado :

plataneira	Tubos de vidro que dan luz
flexo	Lugar onde hai libros a disposición da xente
clarinete	Goma que se infla con aire
manopla	Árbores que dan plátanos
fluorescentes	Lámpada de mesa co brazo flexible
biblioteca	Instrumento musical
globo	Prenda de vestir para as mans